

# AXUDAS

## PROGRAMA EMPREGA XUVENTUDE DIRIXIDO A EMPRESAS DA INDUSTRIA 4.0 E A AGROALIMENTACIÓN

### CONVOCATORIA DUN PROGRAMA PILOTO PARA A CONTRATACIÓN E FORMACIÓN DE PERSOAS MOZAS VINCULADAS Á INDUSTRIA 4.0

Convocatoria dunha experiencia piloto para a creación dun programa a prol da contratación e formación de persoas mozas nos sectores vinculados á Industria 4.0 e ao sector agroalimentario, e se convocan incentivos para as empresas para formación e contratación de mozas e mozos neses sectores.

Poderán ser beneficiarias, por medio desta experiencia piloto, as empresas pertencentes aos sectores da Industria 4.0 e agroalimentario que estean interesadas en colaborar coa dita experiencia para acollerse a unha liña de axuda de contratación e formación no mesmo posto de traballo. A conformidade de participación manifestarase na mesma solicitude.

Para iso, a iniciativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria inclúe axudas a través dun bono de 7000 euros. Deste forma, nunha primeira fase, de forma experimental, investiranse 3,5 millóns de euros, financiados a través do Sistema de Garantía Xuvenil, para beneficiar a 500 mozos e mozas que se poderán cualificar e traballar en dous dos sectores estratéxicos galegos: a Industria 4.0 e o agroalimentario.

O principal obxectivo é ofrecer á mocidade galega a oportunidade de formarse e acceder ao mercado laboral. Para mellorar a súa cualificación, outorgarase un bono de 2000 euros aos participantes, que se formarán nas propias empresas, polo que a formación se centrará nas características do posto para o que é contratado o mozo ou moza. É dicir, a Xunta apoiará un plan de formación adaptado ás necesidades e habilidades do propio posto de traballo. Será, polo tanto, unha formación adaptada á demanda real das empresas galegas.

Para incentivar a contratación, haberá un segundo bono de 5000 euros -tamén por participante- para empresas de sectores e liñas de negocio empresarial vinculadas á innovación tecnolóxica industrial ou ao sector agroalimentario. Os contratos deberán ter unha duración mínima de 12 meses. Para recibir o bono formación será indispensable que a compañía teña contratado ao mozo ou moza.

Estas empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, deben contar con centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde.

O prazo de presentación rematará o 15 de decembro 2017.

---

## REQUISITOS

---

---

### *Personas beneficiarias*

As empresas que estean interesadas en colaborar con dita experiencia, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, nos sectores vinculados á Industria 4.0 e ao sector agroalimentario, que deben de contar con centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia e cumplan os seguintes requisitos:

Contar cun mínimo de 5 persoas traballadoras na data da presentación da solicitude de participación na experiencia piloto.

Unha estabilidade laboral que deberá ser dun mínimo dun 60% no mes anterior ao da solicitude

A conformidade de participación manifestarase no anexo I da solicitude.

### *Contratacións subvencionables*

Serán subvencionables ao abeiro deste programa as contratacións dunha duración mínima inicial de 12 meses realizadas desde o 26 de agosto de 2017 ata o 15 de decembro de 2017 e formalizadas con persoas desempregadas menores de 30 anos.

### *Contías*

Para mellorar a súa cualificación, proporcionarase unha subvención de 2.000 euros as empresas participantes que formarán ás persoas traballadoras nas propias empresas polo que la formación se centrará nas características do posto para o que é contratado a persoa moza

Para incentivar á contratación haberá un segundo bono de 5.000 euros para a contratación laboral de mozos e mozas nas empresas de sectores e liñas de negocio empresarial vinculados á innovación tecnolóxica industrial ou no sector agroalimentario aos que va dirixida a presente orde.

### *Prazo de solicitudes*

O prazo xeral para a presentación das solicitudes das axudas establecidas nesta orde comezará o día seguinte ao da súa publicación.

As solicitudes de participación neste programa piloto así como os bonos de contratación e formación deberán presentarse no prazo dun mes desde a data de formalización do contrato.

O prazo de presentación rematará o 15 de decembro 2017, aínda que nesa data non transcorrese o prazo sinalado no parágrafo anterior.

### *Orde de convocatoria*

Orde do 11 de agosto de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras dunha experiencia piloto para a creación dun dunha experiencia piloto para a creación dun programa a prol da contratación e formación das persoas mozas nos sectores vinculados á Industria 4.0 e ao sector agroalimentario e se procede á convocatoria de incentivos para as empresas para formación e contratación de mozas e mozos neses sectores. (DOG N° 161, do 25 de agosto de 2017).

Orde: [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170825/AnuncioG0424-110817-0007\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170825/AnuncioG0424-110817-0007_gl.pdf)

---

## OUTRAS AXUDAS

---

---

**Subvencións para proxectos de expansión comercial.** Prazo de presentación de solicitudes ata 11/09/2017

**Bolsas formativas para a realización de proxectos de mellora das pemes galegas.** Prazo de presentación de solicitudes ata 14/09/2017

**Axudas aos servizos de análise potencial competitivo, profesionalización e desenvolvemento estratéxico (programa Re-Acciona), cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020.** Prazo de presentación de solicitudes ata 15/09/2017

**Axudas económicas para a prevención dos danos que causan as especies silvestres.** Prazo de presentación de solicitudes ata 18/09/2017

**Axudas para actuacións encamiñadas á protección dos animais de compañía abandonados en Galicia.** Prazo de presentación de solicitudes ata 18/09/2017

**Axudas para a mellora da capacidade de innovación das empresas en Galicia (Plans de Innovación).** Prazo de presentación de solicitudes ata : 25/09/2017

**Programa de axudas e subvencións ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica-IEBT.** Prazo de presentación de solicitudes ata 02/10/2017

**Programa I: Promoción do emprego autónomo de persoas novas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.** Prazo de presentación de solicitudes ata 02/10/2017

**Programa II: Procedemento de Incentivos á contratación indefinida inicial de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.** Prazo de presentación de solicitudes ata 02/10/2017

**Programa II: Procedemento de incentivos á contratación temporal de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil e á súa transformación en contrato indefinido.** Prazo de presentación de solicitudes ata 02/10/2017

**Programa de incentivos á contratación de persoas desempregadas en situación ou risco de exclusión social.** Prazo de presentación de solicitudes ata 02/10/2017

**Programa de incentivos á contratación indefinida inicial.** Prazo de presentación de solicitudes ata 02/10/2017

**Subvencións do programa de instalación de ascensores e outros dispositivos de accesibilidade en edificios de tipoloxía residencial colectiva, nas súas vivendas dúplex, e en vivendas unifamiliares.** Prazo de presentación de solicitudes ata 02/11/2017

**Plans de formación dirixidos prioritariamente ás persoas traballadoras ocupadas.** Prazo de presentación de solicitudes ata 02/10/2017

**Ampliación da redución da cota da seguridade social para a consolidación do traballo autónomo.** Prazo de presentación de solicitudes ata 02/10/2017

**Axudas para a bonificación dos custos do financiamento das pequenas empresas de Galicia, titulares de préstamos superiores a 25.000 euros (Liña pequenas empresas).** Prazo de presentación de solicitudes ata 31/10/2017

**Axudas para a bonificación dos custos do financiamento dos autónomos e as microempresas de Galicia, titulares de préstamos inferiores ou iguais a 25.000 euros (Liña Microcréditos).** Prazo de presentación de solicitudes ata: 31/10/2017

**Axudas a persoas traballadoras afectadas por expedientes de suspensión de contratos de traballo por causa de forza maior.** Prazo de presentación de solicitudes ata 31/10/2017

Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local

CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO